

Texto publicado no suplemento *Nordesía* do Diario de Ferrol, o día 25 de xullo de 2004.-

Intrahistoria

Hai un innúmero exército de personaxes dos que nunca van dar conta as enciclopedias, millóns de individuos anónimos que desenvolven a súa vida cotiá por debaixo das grandes efemérides da historia. Cheos están os libros con nomes de xenerais, reis, raíñas, emperadores e faraóns, mais nada se di dos soldados de a pé que deixaron as súas vidas no fragor das batallas. Apenas son unha cifra, unha cantidade de baixas, un soldado descoñecido a quen se enterra ao pé dun arco de triunfo para lle render unha simbólica homenaxe nalgunha festividade patria.

Para todos estes personaxes acuñou Don Miguel de Unamuno o termo de “intrahistoria”, alegando que os periódicos nunca falan da vida silenciosa dos millóns de homes que cada mañá cediño abandonan o leito para proseguir os seus labores cotiáns no máis absoluto anonimato.

Tamén Bertolt Brecht abordou o tema no seu libro *Historias de almanaque*, no que o poeta pregunta “*Tebas, a das Sete Portas, ¿quen a construíu? / Nos libros figuran os nomes dos reis. ¿Arrastraron os reis os grandes bloques de pedra?*” Se collemos calquera enciclopedia atopamos os nomes de todo canto faraón gobernou no antigo Exipto durante a construción das pirámides, pero nada se di dos remeiros que ían e viñan das canteiras, vogando polo Nilo de arriba para abaixo.

Por todo o devandito acabo de tomar a decisión de comezar hoxe mesmo a reformar todas as enciclopedias que teño na casa. Vou engadirlle á miña *Larousse* todas as biografías que, de acordo con Brecht e Unamuno, considero que lle faltan.

Intercalarei a primeira no volume número seis, que comeza con “condecir” e remata con “chinamo”. Xusto despois da palabra “constatar” quero incluír esta nova entrada:

Constela Charlón (Alfredo) (Ferrol, 4 de xuño de 1924). Fillo de Avelina e de Alfredo. Sobriño do ilustre dramaturgo Uxío Charlón Arias. Traballador da Empresa Nacional Bazán (hoxe Izar) na súa factoría da cidade departamental ata o momento da súa prexubilación no ano 1983. Comezou os seus traballos como aprendiz no taller de caldeirería á temperá idade de catorce anos, logo de cursar estudos no Centro de Ensinanza Xeral, coñecido como Colexio de don Manuel Masdías, e tamén na Escola Obreira da propia empresa. Fixo o servizo militar ao longo de dous anos, estando destinado primeiro na cidade de Lugo, no cuartel de San Fernando, e logo en Ferrol no Castelo de A Palma, naquela época na que aínda non se usaban pratos de louza, senón metálicos, e non se comía sentado a unha mesa, que había que facelo de pé nunha ringleira, e calar e non dicir nada. Pasados uns anos chegou a converterse en operario de Bazán para logo poñerse a estudar contabilidade no seo da empresa, nunha incipiente Formación Profesional na que non se daba título nin nada que se asemellase....

E non vou dicir na biografía que cando Alfredo Constela naceu (1924) a guerra de Marrocos, na que seu pai participara como soldado, aínda non rematara, nin que un ano antes comezara a ditadura de Primo de Rivera, nin

tampouco que don Ramón María del Valle Inclán estreaba en Madrid as súas *Luces de Bohemia*, nin que en Moscova morría Vladimir Ulianov, Lenin, e en Viena o escritor Franz Kafka, nin que París e os Estados Unidos vivían a tolemia dos loucos anos vinte a ritmo de twist, mentres Charles Chaplin, Rodolfo Valentino e Einsenstein eran os grandes heroes do cine mudo. Aínda Lindbergh non fixera a valorosa fazaña de cruzar o Atlántico en avioneta e Alexander Fleming tampouco descubrira a penicilina, que iso habería pasar algúns anos máis tarde.

Tampouco quero falar da Segunda República, nin da Guerra Civil, nin de Hitler, Mussolini, Churchill ou Stalin. Non vou dicir palabra de Gregory Peck, nin de Humpfrey Bogart, nin tampouco vou mencionar as películas de Ava Gardner, nin as de Catherine Hepburn, nin as de Rita Hayworth, nin as cancións de Antonio Machín ou Jorge Sepúlveda nas noites de verbena no parque.

Nin vou dicir nada das teorías de Einstein, porque todo é relativo, nin da chegada do home á lúa, nin da caída do muro de Berlín, nin tampouco dese que agora Israel está construindo en Palestina, nin da Perestroika de Gorbachov, nin de Ronald Reagan, nin dos delirios de George W. Bush, que mal raio o parta. Nin da música dos Beatles, nin dos cadros de Picasso, nin dos libros de Lorca, nin tan sequera vou mencionar a Marlon Brando, que acaba de morrer aos oitenta anos.

Pero xa me desviei por completo da biografía do personaxe de quen falaba, porque, parados a reflexionar, hai que ver a cantidade de cousas que poden pasar ao longo da vida dunha persoa. Cando chegas a cumprir oito

décadas as reviravoltas da historia deben de parecer simplemente auga pasada.

Por certo, por se alguén aínda non se decatara, era a de meu pai esa biografía da que falaba. Podería engadir moitas máis cousas, pero iso xa forma parte da súa “intrahistoria” máis privada.

© Xesús Constela Doce, 2004